



INFORME

NEGOCIADO: AX

Nº REF.: S-216

(JBV/msa)

ASUNTO: PROPOSTA COOPERACIÓN COS  
CONCELLOS EN MANTEMENTO DE ZONAS  
VERDES.

Rúa do Progreso 32

32003- Ourense

Tlf: 988 385 144

Fax: 988 010 062

"e-mail: msabas@depourense.es"

**PROPOSTA DE COOPERACIÓN E COLABORACIÓN- TÉCNICA COS  
CONCELLOS EN MATERIA DE ASESORAMIENTO NAS LABORES DE  
DESBROCE E PODA DAS DIFERENTES ZONAS VERDES E RECREATIVAS  
DA PROVINCIA DE OURENSE.**

**1. INTRODUCCIÓN**

Tendo en conta que entre as competencias das Deputacións designadas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, defínese a:

*"(...) b) Asistencia e cooperación, xurídica, económica e técnica ós municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión."*

Xurde na actualidade a necesidade de formar e asesorar ás brigadas municipais dos concellos da provincia de Ourense, nos diferentes campos de actuacións implicados no mantemento dos parques e xardíns (zonas verdes).

**2. ÁMBITO DE APLICACIÓN DESTA COOPERACIÓN**

O ámbito de aplicación esténdese a todos aqueles concellos que soliciten a asistencia técnica para a formación e asesoramento das brigadas municipais nas medidas de mantemento das zonas verdes da provincia de Ourense, sempre e cando estes necesiten desta asistencia técnica e o volume de solicitudes non superen a capacidade técnica de traballo do equipo responsable desta formación.

As actividades que se incluírán neste asesoramento (no caso de que sexa necesaria a súa realización) e que serán obxecto das xornadas formativas que se impartirán ás brigadas dos concellos, serán as seguintes:

- Acondicionamento do terreo: Aporte de terra vexetal no caso de ser necesario, aireación, encalado, fertilización...



- Coidados/labores culturais: Nos que se inclúen actividades como o rego, control de maleza...
- Tratamentos fitosanitarios: Nos que se inclúen as actividades relacionadas co control de pragas e enfermidades...
- Realización de podas: Nas que se inclúe a realización dos diferentes tipos de podas:
  - Poda de copa, desmochar ou descopar: consiste en poda-la rama principal da copa para favorece-la ramificación.
  - Poda de formación: Realízase para dar unha forma adecuada a árbore.
  - Poda de aclareo: Trátase de cortar ramas enteiras, e pódese realizar á vez que a de formación, axudando á formación da copa.
  - Poda de inverno: Realízase en inverno sobre árbores de crecemento lento o pouco vigorosos, axudando a frear a formación das flores.
  - Poda de verano ou poda verde: Teñen como finalidade regula-lo crecemento das árbores.
  - Podas de limpeza: Teñen como finalidade elimina-la excesiva cantidade de madeira seca que poida provocar algún conato de incendio.

A maiores, ofrécese ós Concellos a posibilidade de que se lles asesore nas seguintes materias:

- Realización de novas plantacións, reposición de marras e sementeiras de especies pratenses (como por exemplo o céspede) nos parques e xardíns: nas que se incluírán a xustificación da elección das especies, os marcos de plantación, os métodos de execución...
- Elaborar procedementos de limpeza de camiños de acceso e de tránsito dentro das zonas verdes.



- Revisión de calquera proxecto relativo a mellora e mantemento de zonas verdes.

### **3. MEDIOS NECESARIOS PARA Á ASISTENCIA TÉCNICA**

#### Medios humanos

Para a realización destes traballos, necesitaremos un equipo técnico formado con persoal adscrito Servizo de Augas e Medio Ambiente.

En concreto o equipo contará con dous técnicos especializados, que se encargarán de realiza-las visitas, tomar fotografías e anota-las deficiencias atopadas. E cun técnico responsable do equipo, encargado de mante-las relacións co Concello pertinente e coa Xunta, e de elabora-las propostas, proxectos e informes técnicos extraídos das deficiencias atopadas nas visitas, incluíndo nestes a descrición das actividades que deben realiza-las brigadas municipais.

A continuación, os dous técnicos realizarán unha xornada formativa na propia zona verde, dirixido ó persoal das brigadas que se encargarán de realizar estas labores.

#### Medios materiais

Únicamente necesitarase un coche, entendendo que sempre e cando se poda, empregarase o vehículo dispoñible do servizo de augas e medio ambiente (PEUGOT 307- 1045 FLP).

### **4. POSIBLES ACCIÓNS FUTURAS**

Unha vez posta en funcionamento esta cooperación, valorarase a posibilidade de ampliar campos de actuación como os que se describen a continuación:

- Revisión e aceptación de proxectos de áreas recreativas e parques infantís e propostas de melloras para os existentes.



- Estudos sobre a conveniencia de realizar hortos urbanos e ecolóxicos, e no seu caso adopción de medidas e actuacións a realizar.
- Xestión integral de rutas de sendeirismo.

## 5. CONCLUSIÓN

Podemos concluír que a Deputación dispón de medios suficientes para ofrecer aos concellos da provincia, o asesoramento teórico relativo ó mantemento de zonas verdes, respecto das seguintes liñas de actuación:

- Formación teórica e técnica do persoal das brigadas municipais.
- Propostas de actuacións ou melloras nos parques e xardíns dos concellos solicitantes.
- Revisión e aprobación dos proxectos de zonas verdes.

Polo que, propónse a esa Presidencia a posta en marcha desta cooperación cos diferentes concellos da provincia de Ourense.

Ourense, 15 de xullo de 2011.

O enxeñeiro xefe do Servizo de Augas  
e Medio Ambiente



Javier Bobe Vázquez

SR. /SRA. ALCALDE/SA

Estimado/a alcalde/sa,

A Excm. Deputación Provincial de Ourense é consciente da necesidade que teñen os concellos da **asistencia técnica** en materia de **mantemento das zonas verdes de titularidade municipal**, así como **en criterios de deseño e xestión de proxectos de actuacións relativas a zonas verdes públicas**.

En razón do antedito e ao abeiro das competencias que se establecen nos artigos 36.1 a e 36.1 b, da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 109 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, esta Deputación Provincial, ofrece unha nova proposta de colaboración e asistencia técnica cos diferentes concellos da provincia de Ourense.

No caso de que sexa do voso interese recibir esta colaboración, considérase imprescindible que o concello solicite a asistencia técnica a esta Deputación (ANEXO I), nalgunha ou en tódalas seguintes materias:

1. Formación teórica e técnica do persoal das brigadas municipais, á hora da realización de labores de acondicionamento do terreo, regas, control de maleza, podas...ou calquera outra actividade relacionadas co mantemento das zonas verdes.
2. Elaboración de propostas de actuacións ou melloras nas zonas verdes.
3. Axuda técnica nas mesas de contratación para a adxudicación de proxectos relacionados coas zonas verdes (áreas recreativas, parques e xardíns).
4. Supervisión técnica e xurídica de proxectos de zonas verdes.

Tamén deberá indica-los seguintes datos, (ANEXO II):

1. Concello solicitante, responsable destas actuacións e persoa de contacto.
2. Lugar de actuación (nome, coordenadas, ...).
3. Copia do proxecto de se-lo caso.
4. Información sobre denuncias ao respecto, ou calquera doutro tipo que sexa necesaria poñer en coñecemento desta Deputación para un mellor desenvolvemento da devandita colaboración.

Con esta iniciativa de colaboración, a Deputación Provincial de Ourense espera axudar a manter en bo estado as zonas verdes do seu concello o que, en definitiva, repercutirá a longo prazo na conservación e mantemento da nosa provincia.

Ourense, de xullo de 2011.

O presidente,

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

SR. /SRA. ALCALDE DO CONCELLO DE

**MODELO DE ACORDO QUE ADOPTARÁN OS CONCELLOS PARA  
ADHERIRSE A ESTA COLABORACIÓN**

En relación coa documentación recibida da Deputación Provincial de Ourense, na que se propón unha liña de colaboración con este concello para a asistencia técnica en materia de mantemento das zonas verdes de titularidade municipal, así como en criterios de deseño e xestión de proxectos de actuacións relativas a parques públicos, adóptase o seguinte acordo:

1º) Este Concello acorda a adhesión á devandita colaboración de asistencia técnica para o mantemento das zonas verdes de titularidade municipal.

2º) Os servizos municipais correspondentes realizarán os trámites que procedan para a xestión dos procedementos relativos á dita colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, e prestaranlle o apoio necesario ó persoal da dita entidade destinado para este cometido.

3º) Créase unha comisión de seguimento da que formarán parte o/s representante/s designado/s pola Deputación, así como o/s representante/s deste concello, designándose para tal fin a D./D.<sup>a</sup> .....

4º) O Concello solicita a asistencia técnica á Deputación Provincial de Ourense na/s seguinte/s área/s (táchese a/s que non proceda/n):

1. Formación teórica e técnica do persoal das brigadas municipais, á hora da realización de labores de acondicionamento do terreo, regas, control de maleza, podas...ou calquera outra actividade relacionadas co mantemento das zonas verdes.
2. Proposta de actuacións ou melloras nas zonas verdes.
3. Axuda técnica nas mesas de contratación para a adxudicación de proxectos relacionados coas zonas verdes (áreas recreativas, parques e xardíns).
4. Supervisión técnica e xurídica de proxectos de zonas verdes.

**DATOS QUE DEBEN CONSTAR NA SOLICITUDE**

CONCELLO.....

DIRECCIÓN.....

TELÉFONO.....

FAX.....

CORREO ELÉCTRONICO.....

PERSOA DE CONTACTO RESPONSABLE DA/S

ACTUACIÓN/S.....

LUGAR DE ACTUACIÓN (nome, coordenadas, etc).....

ACHEGA COPIA DO PROXECTO SI  NON

ACHEGA INFORMACIÓN SOBRE DENUNCIAS AO RESPECTO, OU CALQUERA  
DOUTRO TIPO QUE SEXA NECESARIA POÑER EN COÑECEMENTO DESTA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE: SI  NON

**ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**  
(Servizo de Augas e Medio Ambiente)